

# **PLAN DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA**

**1.**

**ANÁLISE DA SITUACIÓN  
SOCIOLINGÜÍSTICA ACTUAL.  
DIAGNÓSTICO**

## **1. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA ACTUAL. DIAGNÓSTICO**

### **1.1. INTRODUCCIÓN**

Presentamos neste documento de traballo un diagnóstico sobre a situación sociolingüística na Universidade de Vigo, elaborado pola Comisión para a elaboración do plan de política lingüística, que foi creada polo Consello de Goberno en novembro de 2003.

O diagnóstico constitúe a primeira fase na elaboración do Plan. Tales características van constituír o pano de fondo sobre o que se asenten os obxectivos xerais e específicos, as liñas de actuación, e as medidas que han conformar o contido do futuro plan de política lingüística da Universidade de Vigo.

Para a análise da situación sociolingüística da Universidade de Vigo tivemos en conta tres planos complementarios pero diferenciados: en primeiro lugar, a situación da lingua galega; en segundo lugar, a situación do castelán; e, en terceiro lugar, a situación das outras linguas diferentes do galego e do castelán.

Respecto da situación da lingua galega, dividimos a exposición en seis apartados: a situación legal, a situación institucional, a xestión da normalización lingüística na universidade, a análise por sectores (tendo en conta os tres sectores principais: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, e alumnado), e, finalmente, a análise por actividades, para o cal seleccionamos os usos lingüísticos internos, o externos, a docencia e mais a investigación.

En cada un dos apartados comentamos os aspectos máis sobranceiros de cara a fornecer un diagnóstico xeral, e para iso utilizamos unha categorización de puntos fortes e febles.

Respecto da situación da lingua castelá e respecto da situación das terceiras linguas, presentamos diversas reflexións sobre a súa realidade na Universidade de Vigo e nas actividades e procesos aos que están sometidos os tres sectores universitarios.

### **1.2. A LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Presentamos neste documento un diagnóstico da situación da lingua galega na Universidade de Vigo. Utilizamos para a súa elaboración as seguintes fontes de información e de datos:

- *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesorado, PAS e estudantes* (Universidade, 1997).
- *Estudio sobre lingua e docencia na Universidade de Vigo* (2003).

- Datos sobre o uso do galego nos estudantes (1993-2003).
- Datos sobre a xestión da normalización lingüística por parte do Servicio de Normalización Lingüística (1990-2000) e da Área de Normalización Lingüística (2001-2003).

Tamén incluímos neste diagnóstico observacións sobre a realidade lingüística da Universidade de Vigo como coñecedores das dinámicas lingüísticas da institución e como participantes nelas.

### **1.2.1. SITUACIÓN LEGAL**

O réxime lingüístico de Galicia está determiando pola CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA de 1978 (CE) e polo ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA de 1981 (EAG), que definen un sistema de cooficialidade galego/castelán, cunha lingua propia (o galego), sobre a base do recoñecemento dos dereitos lingüísticos persoais territorializados.

#### **CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1978)**

##### **Artigo 3**

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

##### **Artigo 148**

1. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:
  - 17º. O fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma.

#### **ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (1981)**

##### **Artigo 5**

2. A lingua propia de Galicia é o galego.
3. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
4. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

5. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

**Artigo 27**

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

20. A promoción e o ensino da lingua galega

**Artigo 31**

É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e Administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas Leis orgánicas que, conforme o apartado 1º do artigo 81 da mesma o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

Nun escalón legislativo inferior, a LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 1983, establece

**LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1983)**

“O proceso histórico centralista acentuado no decorrer dos séculos, tivo para Galicia dúas consecuencias profundamente negativas: anula-la posibilidade de constituír institucións propias e impedi-lo desenvolvemento da nosa cultura xenuína cando a imprenta ía promove-lo grande despegue das culturas modernas.

Sometido a esta despersonalización política e a esta marxinación cultural, o pobo galego padeceu unha progresiva depauperación interna que xa no século XVIII foi denunciada polos ilustrados e que desde mediados do XIX, foi constantemente combatida por tódolos galegos conscientes da necesidade de evita-la desintegración da nosa personalidade.

A Constitución de 1978, ó recoñece-los nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo constructivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.

Un dos factores fundamentais desa recuperación é a lingua, por se-lo núcleo vital da nosa identidade. A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado da identidade común. E na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e os galegos emigrados polo mundo.

A presente Lei, de acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de Autonomía, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º, 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, Regulamentadora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (...)"

Con respecto ao articulado da LNL que afecta directamente ao ámbito do ensino, establécese que o galego é a lingua propia de todos os niveis e modalidades do ensino, incluído o universitario, e explicitamente establécense os seguintes enunciados:

#### **LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1983)**

##### **Artigo 12**

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.

##### **Artigo 15**

1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.

2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.

3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas co fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos a recibir coñecementos.

##### **Artigo 17**

1. Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obrigatorio o estudio da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquiri-la capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.

Os ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, aprobados en 2003, establecen no seu artigo 4 un posicionamento explícito sobre a lingua galega e sobre a oficialidade das linguas:

**ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (2003)**

**Artigo 4**

O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e, polo tanto, é a lingua de uso normal nas súas actividades. O galego, como lingua propia, é a lingua oficial da universidade, como tamén o é o castelán, oficial en todo o Estado.

A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.

Xa no artigo anterior se afirma a vinculación da Universidade de Vigo coa historia, a sociedade, a cultura e a economía de Galiza:

**ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (2003)**

**Artigo 3**

A Universidade de Vigo, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galiza, dedicará especial atención ao estudo e desenvolvemento da súa cultura e do seu medio natural, e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, investigación e desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas (...).

Finalmente, na sección relativa aos centros da universidade, establécese que unha das funcións dos centros universitarios será a aplicación das liñas de actuación en materia de normalización lingüística:

**ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (2003)**

**Artigo 13**

f) A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre normalización lingüística.

### 1.2.2. SITUACIÓN INSTITUCIONAL

A presenza da lingua galega a nivel institucional é un dos aspectos que debemos considerar nesta análise sociolingüística. Faremos referencia neste apartado á existencia dunha asunción do galego por parte da institución universitaria e se esa asunción se traduciu na organización dunha infraestrutura que axudase a dinamizar e promocionar a presenza da lingua en todas as actividades (véxase tamén a sección 1.4. centrada na xestión da normalización lingüística na universidade).

<b>Puntos fortes</b>	<b>Puntos febles</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O galego é a lingua institucional das universidades galegas.</li> <li>▪ O galego é a lingua que identifica a imaxe externa da Uvigo desde o seu nacemento.</li> <li>▪ Nas actividades institucionais predomina desde o comezo a utilización oral e escrita do galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proxecta o ensino superior unha imaxe pouco galeguizada.</li> <li>▪ A inexistencia de normas de uso institucional deixa nas mans dos equipos reitorais a maior ou menor utilización do galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os Estatutos (tanto os de 1993 coma os de 2003) sinalan que o galego é a lingua da Universidade de Vigo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nunca se pensou na posibilidade ata agora de aprobar un plan de normalización lingüística.</li> <li>▪ Tampouco se debateu nin aprobou un regulamento de usos lingüísticos.</li> <li>▪ Nunca foi considerada a posibilidade de crear unha comisión de contido lingüística de nivel alto (delegada do Claustro ou da Xunta/ Consello de goberno).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Está asinado un convenio marco de colaboración coa Consellería de Educación para a promoción da normalización lingüística na Uvigo.</li> <li>▪ Cada ano asínase a <i>Addenda</i> do convenio gracias á cal a Consellería de Educación achega cartos para programas de actividades normalizadoras concretas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non hai coordinación nin directrices xerais de normalización lingüísticas desde a Administración da Xunta de Galicia.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A normalización da lingua galega nunca foi considerado como un obxectivo estratéxico ou central por parte das universidades galegas.</li> </ul>

Desde a súa creación, a Universidade de Vigo asumiu un compromiso de uso e de presenza da lingua galega nas súas actividades en tanto que institución pública. Nese sentido actuose cunha idea clara de incorporar o galego como lingua propia, en consonancia co proceso de adopción do galego por parte doutras institucións públicas galegas, tanto do ámbito educativo coma doutras administracións públicas.

Malia o dito no parágrafo anterior, a cuestión lingüística nunca ocupou un papel relevante na xestión e/ou nos debates que se foron sucedendo nos órganos de goberno da institución desde a segregación da USC no ano 1990.

### 1.2.3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA XERAL

Nesa sección consideramos o perfil sociolingüístico da realidade da Galicia actual, na medida en que esa realidade está a determinar poderosamente as dinámicas lingüísticas da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo non é unha illa arredada das dinámicas sociolingüísticas presentes na sociedade galega actual. Os dous procesos máis relevantes da Galicia actual son, en primeiro lugar, o abandono social do galego polo castelán, principiado no século XIX; e, en segundo lugar, o proceso de institucionalización do galego principiado coa restauración democrática en 1975.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Existe unha base legal para o uso do galego (Estatuto de autonomía, Lei de Normalización Lingüística, normativas sectoriais, etc.), así como organismos dedicados á súa promoción e difusión social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Insuficiencia da base legal, carencia de mecanismos coercitivos e deficiente desenvolvemento e aplicación da normativa existente a nivel xeral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Persiste unha base social moi ampla de falantes de galego, dos que unha parte importante está instalada nesta lingua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A lingua non se percibe como factor central de identidade e os seus problemas non preocupan á maioría da cidadanía.</li> <li>▪ Aumentou a poboación urbana e aumentou o número de familias que lles transmiten aos fillos/as o castelán.</li> <li>▪ Aumentou a xente nova para a que o galego é a segunda lingua.</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A lingua galega está presente en todo o territorio de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O índice de monolingües en galego é realmente baixo nalgunhas importantes cidades.</li> <li>▪ Son visibles casos illados de desgaleguización no mundo rural.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A lingua galega ten presenza en todas as capas sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Distribución desigual por clases (baixa/alta) e por grupos de idade (adultos/novos)</li> <li>▪ Persistencia de inercias non galeguizadoras nas clases altas da sociedade.</li> <li>▪ Persistencia nunha parte da sociedade da crenza de que o galego é pouco útil ou minoritario.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O galego ten presenza no ensino non universitario, o que permitiu reintroduci-lo en áreas urbanas e/ou en grupos de persoas que xa o perderan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ausencia case total do galego nas garderías e escolas infantís, maiormente nas privadas.</li> <li>▪ Incumprimento do mínimo legal de uso do galego como lingua vehicular do ensino, reducíndoa en moitos centros a simple materia de estudio sen función social.</li> <li>▪ O conflito normativo tivo repercusións negativas para a lingua no ámbito escolar.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mellorou considerablemente a imaxe e a presenza pública do galego e foi desaparecendo o tabú diglósico polo que o galego tiña que estar fóra de certos ámbitos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Percepción social de que certos novos usos públicos do galego son aínda falaces por careceren de continuidade no resto das relacións.</li> <li>▪ Crenza firme de certos sectores en que o galego aínda é unha lingua rural, de vellos ou de minorías politizadas (é dicir, subalterna e de segundo clase).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recuperación de espazos novos para o galego no mundo urbano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Perda global de falantes e de calidade lingüística media.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Incorporación parcial do galego a sectores dos que tradicionalmente permaneceu ausente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Escaso esforzo de introducción do galego no comercio, empresa, comunicación e lecer.</li> <li>▪ Insuficiente necesidade de coñecer e usa-lo galego para acceder a un posto de traballo.</li> <li>▪ Maior utilidade do castelán que segue sendo lingua incomparablemente privilexiada.</li> </ul>

O proceso de abandono ou substitución social do galego polo castelán baseouse na falta de recoñecemento social e legal e a carencia de prestixio social da lingua galega, e tivo como principais consecuencias a decrecente transmisión da lingua na familia e a caída dos usos lingüísticos. Da análise da situación sociolingüística actual, resulta moi preocupante a situación nos ámbitos urbanos e na mocidade, onde se dan os menores índices de uso da lingua galega.

O proceso de institucionalización da lingua galega supuxo o seu recoñecemento legal, a súa inserción na administración e no ensino, e a súa dignificación social. Froito deste proceso de recuperación aumentou considerablemente o nivel de coñecemento da lingua, sobre todo por parte da poboación máis nova, e mudaron considerablemente as actitudes negativas e os prexuízos que existían sobre a lingua galega e sobre os seus falantes.

#### **1.2.4. A XESTIÓN DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA UNIVERSIDADE**

Neste apartado consideramos a xestión normalizadora realizada na Universidade de Vigo. Cómpre ter en conta que a universidade contou desde 1990 cunha infraestruturas orientada a promover a lingua galega nos usos da institución.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Créase en 1990 o Servizo de Normalización Lingüística, dotándoo dunha persoa a tempo completo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Insuficientes recursos humanos e económicos para xestionar a NL na institución.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Créase en 2001 a Área de Normalización lingüística, área académica que ten como obxectivo o de xestionar a normalización lingüística na Universidade.</li> <li>▪ Comeza unha convocatoria anual de bolsas de colaboración coa ANL, que lle dá unha certa consistencia de persoal.</li> <li>▪ Está asentado no orzamento anual da universidade un programa económico propio de normalización lingüística e outro de bolsas de normalización.</li> <li>▪ Dispónse de financiamento procedente da DXPL (a través do Convenio de NL) para financiar actividades concretas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mantéñense as carencias de persoal técnico e de apoio.</li> <li>▪ Recursos económicos insuficientes.</li> <li>▪ Non se acadou financiamento por parte doutros organismos públicos con capacidade para investir na promoción da lingua galega.</li> <li>▪ Non se intentou ata agora buscar financiamento externo ás administracións públicas para a realización de determinadas actividades de promoción.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Liñas de actividades e de promoción da lingua xa consolidadas: axudas para a investigación en galego, premios anuais de creación e de tradución, etc.</li> <li>▪ Realización de actividades de formación lingüística, asesoramente e corrección/tradución de distintos tipos de documentación.</li> <li>▪ Algunha actividade con repercusión na docencia a través da elaboración de materiais con aplicación docente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Moita dificultade para incidir en actividades dinamizadoras que teñan un efecto positivo para aumentar os usos lingüísticos, sobre todos os usos lingüísticos orais informais.</li> <li>▪ Imposibilidade de incidir con máis éxito na ampliación dos usos docentes en galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A colaboración e participación dos diferentes sectores, unidades, centros, etc. da universidade nas actividades de promoción do galego é moi alta.</li> <li>▪ Coñécese a existencia dun servizo lingüístico e utilízase cada vez en maior medida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mantéñense algunhas áreas nas cales o nivel de implicación coa normalización lingüística é sensiblemente menor.</li> <li>▪ A participación da comunidade universitaria nas convocatorias e nas actividades de promoción do galego é moi variable, e ás veces é inferior á prevista.</li> <li>▪ Algunhas unidades e servizos non utilizan nunca os servizos lingüísticos e presentan problemas de corrección lingüística no material que producen.</li> </ul>

Tendo en conta a situación de partida na Universidade de Vigo, levouse a cabo unha xestión normalizadora que foi quen de ir consolidando liñas de actuación estables e periódicas e, co paso do tempo, levou a asentar unha estrutura de xestión e de actividade estable. A esa estabilidade contribuíu a existencia dun orzamento propio da universidade para normalización lingüística, que actualmente se concreta nun programa específico e noutro de bolsas. Tamén contribuíu a ese asentamento a liña de colaboración anual que se establece coa Dirección Xeral de Política Lingüística ao abeiro do convenio de normalización lingüística.

Tamén cómpre recoñecer as dificultades atopadas no camiño, e que se concretan en ámbitos de actividade ata agora sen explorar na práctica, porque supuña contar con máis medios humanos e económicos. Ademais, existen liñas de actividade nas cales faltou unha incidencia máis fonda: política de publicacións en galego, actividades de dinamización, etc.

### 1.2.5. ANÁLISE POR SECTORES

Consideramos nesta sección a situación da lingua galega nos tres sectores en que se divide a comunidade universitaria: profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos. Máis que intentar perfilar unha radiografía sociolingüística exhaustiva, o obxectivo deste apartado é o de presentar algúns datos e algunhas claves que nos permitan interpretar o papel que cada sector desempeñou e está a desempeñar respecto da maior ou menor extensión do galego na Universidade de Vigo.

#### 1.2.5.1. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Mostramos no cadro seguinte un resumo de puntos fortes e febles. Lembramos que no apartado 1.6.3. presentaremos un diagnóstico específico respecto da docencia e a lingua, de maneira que a información e a reflexión sobre esa cuestión concreta se levará a cabo máis adiante no apartado mencionado.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A maioría do profesorado é de orixe galega ou leva máis de vinte anos residindo en Galicia.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O nivel de coñecemento da lingua galega é medio-alto, tanto na comprensión coma na expresión (oral e escrita).</li> <li>▪ Dous tercios realizou estudos de lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Persisten dificultades escribir e, en menor medida, para falar en galego.</li> <li>▪ Un tercio do profesorado non realizou estudos de lingua galega.</li> <li>▪ Falta formación e coñecementos das linguaxes de especialidade e da terminoloxía específica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O 35% utiliza sempre ou normalmente o galego, e o 50% úsao ás veces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Máis do 60% ten o castelán como lingua inicial.</li> <li>▪ O 70% utiliza habitualmente só o castelán ou máis castelán ca galego.</li> <li>▪ A media de uso do galego entre o profesorado é moi inferior á media de lingua habitual en Galiza.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As actitudes lingüísticas ante a lingua e a súa promoción no medio universitario son moi positivas e favorables.</li> <li>▪ Case o 50% do profesorado considera que o nivel de uso do galego na Universidade de Vigo é</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ En xeral o profesorado tende a considerar a elección lingüística como unha cuestión persoal, sen transcendencia colectiva.</li> <li>▪ Detéctanse reticencias ante un posible cambio de modelo lingüístico na universidade que</li> </ul>

insuficiente. ▪ Máis do 60% considera que debe perfeccionar o seu nivel de coñecemento do galego.	implique unha maior presenza efetiva da lingua galega nas actividades clave (docencia, por exemplo).
▪ Hai grupos de profesores/as en todas as áreas de coñecemento que imparten a súa docencia en galego.	▪ Non hai incentivos de ningún tipo para cambiar de lingua na docencia.
	▪ Nunca se desenvolveu na universidade actuacións tendentes á promoción da docencia en galego. ▪ A lingua da docencia enténdese por parte do profesorado como unha decisión totalmente individual. ▪ Nunca se esixiu na universidade galega o coñecemento da lingua galega na valoración dos méritos do profesorado contratado.

O perfil sociolingüístico do profesorado baséase nunha competencia alta na lingua galega, sen formación específica en cuestións lingüísticas relativas ao seu ámbito de coñecemento, con sensibilidade ante as cuestións lingüísticas, e con escaseza de galegofalantes habituais.

O coñecemento e/ou o uso da lingua galega nunca foi considerado un requisito ou un mérito relevante nos concursos de profesorado funcionario ou contratado. Por outra banda, a elección de lingua

En todo caso, dado que se considera que a cuestión da lingua non é un asunto prioritario e dado que a política lingüística en Galiza (tanto en xeral como no ámbito universitario en particular) tendeu a ser relaxada, pode resultar difícil no momento actual incidir en propostas que modifiquen sensiblemente dinámicas e situacións moi asentadas nas rutinas da institución.

#### **1.2.5.2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Moitos aspectos do traballo diario do persoal de administración e servizos van ser considerados na sección 1.6.1 e 1.6.2 (usos lingüísticos internos e externos, respectivamente).

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Máis do 80% realizou actividades formativas en lingua galega.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Un tercio do PAS utiliza sempre ou maioritariamente o galego.</li> <li>▪ O uso escrito do galego é alto nas actividades internas e externas dos PAS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O 13,5% non usa nunca o galego.</li> <li>▪ Empregan o galego para os usos orais pouco máis do 30% do PAS.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Constátanse opinións xeneralizadas moi favorables ao fomento do coñecemento lingüístico do galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A implicación do PAS en certas tarefas de promoción da lingua é ás veces moi baixa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O coñecemento do galego valórase na realización das probas de selección do PAS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As probas de coñecemento de galego non son exhaustivas e tenden a centrarse exclusivamente na lingua escrita.</li> </ul>

O sector do persoal de administración e servizos é o que, a teor dos datos dispoñibles, utiliza en maior medida a lingua galega no desempeño das súas actividades universitarias, sobre todo cando se trata de usar a lingua escrita. Non sería difícil establecer unha relación entre o maior recurso á lingua galega nas actividades escritas e o feito de que grande parte das actividades internas se realicen nesa lingua (tal como analizaremos posteriormente no apartado 1.6.1). Ademais, non debemos deixar de lado que o coñecemento do galego se mide nas probas de acceso do PAS, sendo polo tanto outro aspecto que está a incidir no desenvolvemento de usos nesa lingua.

### **1.2.5.3. ALUMNADO**

No tocante ao alumnado, as características sociolingüísticas que podemos comentar coinciden basicamente coas tendencias presentes na xuventude galega en xeral, principalmente na xuventude urbana.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A maior parte dos estudantes son galegos, de maneira que se reducen considerablemente as dificultades de implantación e de difusión do galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comeza a ser visible a presenza de alumnado procedente de programas de intercambio.</li> <li>▪ Na grande maioría dos casos, este alumnado foráneo carece de información sobre a lingua galega e sobre a situación sociolingüística de Galicia.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A práctica totalidade dos estudantes aprenderon galego no ensino non universitario.</li> <li>▪ O entendemento e a lectura en galego non ofrecen problemas de competencia lingüística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Na capacidade para escribir e para falar en galego as dificultades aumentan considerablemente no alumnado.</li> <li>▪ Malia pasaren polo ensino do galego, os estudantes manifestan unha alta inseguridade lingüística á hora de falaren e escribiren en galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Hai un 20% de estudantes que utilizan regularmente o galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Na lingua inicial e na lingua habitual do alumnado predomina o castelán.</li> <li>▪ O 25% non utiliza nunca o galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As opinións ante o aumento da presenza do galego nas actividades universitarias son moi positivas.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nas actividades extraacadémicas e asociativas desenvolvidas na Universidade de Vigo, os alumnos/as implicados teñen contacto directo e habitual co galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nalgúns casos (determinados centros, servizos, etc.), a presenza do galego nas actividades extraacadémicas é moi inferior á media xeral.</li> </ul>

Tal como observamos na mocidade galega en xeral, atopámonos cun alumnado que na súa maioría aprendeu galego nas transmisións escolares antes de principiar o período universitario, de maneira que teñen unha capacidade obxectiva alta para desenvolverse na lingua oral e escrita, tanto de forma pasiva coma de forma activa. A presenza de galego-falantes habituais é baixa, pero as actitudes e opinións sobre o galego e sobre a súa difusión nas actividades universitarias é totalmente positiva.

Cada vez é máis visible a presenza de alumnado que procede de programas de intercambio. En moitos casos tales estudantes descoñecen a situación sociolingüística de Galiza e o status da lingua galega.

### 1.2.6. ANÁLISE POR ACTIVIDADES

A falta dun traballo en profundidade que ofreza indicadores fiables e cuantificados de utilización da lingua galega nas diferentes actividades, imos tratar nesta sección catro aspectos de cara a unha

análise da presenza da lingua galega nas diferentes actividades desenvolvidas na Universidade de Vigo: os usos lingüísticos internos, os usos lingüísticos externos, a docencia e a investigación.

### 1.2.6.1. USOS LINGÜÍSTICOS INTERNOS

Revisamos neste apartado algúns aspectos relevantes da utilización da lingua galega naqueles usos que están centrados en actividades internas da universidade, cara aos seus membros e como parte clave do seu funcionamento ordinario.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A rotulación interna e externa das dependencias da universidade está maioritariamente en galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Hai déficit de rotulación en galego en certos tipos de cartelería.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O material escrito interno tende a estar maioritariamente en galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A utilización oral é, en xeral, máis baixa cá utilización escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nas actividades extraacadémicas e asociativas desenvolvidas na Universidade de Vigo a presenza do galego é alta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nalgúns casos (determinados centros, servizos, etc.), a presenza do galego nas actividades extraacadémicas é moi inferior á media xeral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ No caso das aplicacións informáticas desenvolvidas especificamente polos servizos da universidade, a utilización do galego é moi alta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ No material informático adquirido a utilización do galego é practicamente inexistente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións, convites) adoitan ser, en xeral, en galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nalgúns centros e departamentos persiste o costume de redactar eses materiais en castelán.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Outros documentos de uso interno, como por exemplo documentos de xestión xeral, contables, académicos, de xestión de persoal, xurídicos, disposicións e actas, están en galego.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nos rótulos informativos, cabeceiras de papelería corporativa, carimbos, mataselos e elementos análogos, prevalece o galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Detéctanse algunhas excepcións en centros e departamentos coa toponimia incorrecta (por exemplo, *campus de las Lagunas en vez de campus das Lagoas, *Orense por Ourense, etc.).</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nos procedementos contractuais da Universidade de Vigo, contratos e pregos de condicións utilízase habitualmente o castelán.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Nos documentos que elaboran os centros, departamentos, servicios e unidades administrativas: memorias, actas, comunicacións oficiais para taboleiros de anuncios, programa de materias, etc., a presenza do galego é alta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nalgúns casos utilízase só ou preferentemente o castelán, como no caso dos programas das materias.</li> <li>Nalgúns destes casos o feito de que a documentación interna teña posteriormente un destino externo, onde se precisa versión en castelán, favorece esa lingua.</li> <li>Nalgúns casos prevalece a práctica castelanófona puntual dun traballador/a ou profesor/a.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Uso maioritario do galego nas comunicacións escritas ás listas de correo de Uvigo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nas listas de correo internas algúns servicios utilizan o castelán como vehículo habitual para dar avisos ou difundir información.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Algunhas actividades de carácter interno pero con repercusión ou implicación externa (por exemplo, as avaliacións de calidade) tenden a realizarse en castelán.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>As entidades sindicais (no caso do PAS e do profesorado) e as organizacións estudiantís utilizan xeralmente a cotío o galego, tanto nos usos orais coma nos escritos.</li> </ul>	

Nos usos lingüísticos internos, a presenza da lingua galega é moi alta, sobre todo no tocante ás actividades que implican a utilización escrita da lingua. Nos usos lingüísticos escritos pódese afirmar que, ao longo dos anos, na Universidade de Vigo se foi consolidando unha tradición e unha rutina de uso do galego que se fai visible hoxe na grande maioría das actividades internas sinaladas no cadro anterior como puntos fortes, nos tres campus e sen diferencias relevantes segundo o tipo de servizo, unidade administrativa, etc.

Atópanse, porén, áreas internas de actividade nas cales a utilización segue sendo considerablemente baixa. Certas actividades vinculadas coa docencia (por exemplo, redacción de programas das materias, documentación de terceiro ciclo, etc.), como teremos

oportunidade de comentar máis adiante, ou no caso da información subministrada por determinadas unidades (centros, departamentos, áreas de coñecemento, etc.). Neste sentido pode ser indicativa a información para uso interno presente no sitio web da universidade, onde atopamos situacións moi variadas: desde páxinas que só contan coa opción do castelán, outras que ofrecen a páxina inicial bilingüe e o resto de páxinas só en castelán, etc.

No tocante aos usos lingüísticos orais, o nivel de presenza do galego é bastante máis reducido. Todos os sectores da universidade tenden a utilizar preferentemente o castelán e, en menor medida o galego, feito que provoca unha ambientalidade lingüística predominante favorable ao castelán.

### 1.2.6.2. USOS LINGÜÍSTICOS EXTERNOS

Pasamos a considerar neste apartado usos lingüísticos producidos desde a universidade pero que teñen un destinatario/a externo.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A información cara ao exterior (páxina web, cartelería, anuncios e avisos, etc.) tende a presentarse en galego ou con opción en galego, segundo os casos.</li> <li>▪ Redacción do Diario Dixital da Universidade de Vigo (DUVI) integramente en galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Hai servicios, centros e departamentos onde a información é máis visible en castelán ca en galego.</li> <li>▪ Atópanse documentos informativos (impresos ou electrónicos) só en castelán, sen versión en galego.</li> <li>▪ Nalgúns casos a calidade lingüística do galego empregado é baixa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Na documentación dirixida ao alumnado e ás administracións do dominio galego, utilízase o galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Escasa información sobre o galego cara ao alumnado dos programas de intercambio.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As comunicacións e anuncios nos medios de comunicación realízanse principalmente en galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ É frecuente ver publicidade de cursos, másters, etc. feita en castelán.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nos actos públicos, os representantes da Universidade de Vigo tenden a utilizar o galego.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Na documentación escrita (contratos, convenios, escrituras, e calquera outra documentación xurídica, pública ou privada), hai unha presenza importante da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ En certos casos a Universidade non se preocupa de que certas actividades externas deste ámbito se realicen integramente en galego.</li> </ul>

lingua galega.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ No caso de estudos, proxectos e traballos que a Universidade de Vigo encarga fóra.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Nas concesións que se outorgan a empresas e nos servizos xestionados por empresas privadas, algunhas tenden a utilizar o galego ao carón do castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non se estipula ningún tipo de cláusula lingüística que promociione a utilización do galego.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respecto dos provedores da universidade, non existe ningún tipo de recomendación ou de normativa respecto da utilización do galego, de maneira que cada un actúa como lle parece.</li> </ul>

En xeral, na imaxe externa que proxecta a universidade a presenza da lingua galega é moi relevante. Aínda que tal imaxe externa é en parte consecuencia das actividades institucionais (consideradas no apartado 1.2), tamén ten que ver decididamente o recurso ao galego que se efectúa na dinámica diaria interna da institución.

Hai, porén, distintas actividades que se realizan case exclusivamente en castelán, como acabamos de sinalar no cadro de puntos febles. Por exemplo, é frecuente ver publicidade de cursos, másters, etc. feita só en castelán nos medios de comunicación impresos.

Por un lado, atopamos na información cara ao exterior e na publicidade de certas actividades unha maior presenza do castelán. Por outro lado, non se ten en conta a promoción da lingua galega en certas actividades que se encargan ou se contratan con servizos e provedores externos.

### 1.2.6.3. DOCENCIA

A actividade docente está conformada por diversas actividades complementarias. En primeiro lugar, convoca a estudante e profesorado, sendo estes últimos os que desempeñan un papel fundamental na elección da lingua principal das transmisións educativas. En segundo lugar, a docencia engloba unha diversidade de actividades que deben ter unha determinada elección lingüística: a actividade oral na aula por parte do profesor/a, a expresión oral e

escrita do estudante, a proposición e redacción de exames e probas escritas, os documentos escritos relacionados coa docencia (programas, actas de cualificación, guións e materiais de cara ao alumando, etc.), elaboración de traballos de curso por parte do alumnado, etc.

Cómpre ter en conta para entender a situación actual que nas prazas convocadas pola Universidade de Vigo nunca se tivo en consideración o coñecemento lingüístico dos candidatos nin o perfil lingüístico que se desexaba para a materia a impartir. Ademais, co paso do tempo foise consolidando a idea de que a lingua da docencia é unha elección persoal do profesor/a ou, en última instancia, da área de coñecemento ou do departamento correspondente, o cal supuña na práctica a imposibilidade de planificar axeitadamente a lingua da docencia.

En xeral, pódese afirmar que, coa información de que dispoñemos, a porcentaxe de utilización do galego na docencia é moi baixa no momento actual, sen que esa porcentaxe sufrise cambios relevantes nestes últimos anos..

No estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo de 1997, realizáronse distintas preguntas ao profesorado e alumnado respecto da lingua utilizada en usos lingüísticos específicos.

No caso do profesorado, o 16,9% indicaba que usaba o galego sempre ou maioritariamente nas clases, o 16,6% afirmaba que a utilizaba na redacción de exames e o 18,4% utilizábaa para a redacción de material escrito para as aulas. No caso dos estudantes, o 11,6% respondía que utilizaban sempre ou maioritariamente o galego nos usos orais nas aulas, pero as porcentaxes de usos escritos minguaban considerablemente: utilizaban a lingua galega sempre ou maioritariamente para coller apuntamentos o 5,3% do alumnado, para redactar os exames o 5,1%, e para redactar os traballos de clase o 5,7%.

Para completar esa información, no estudo realizado en 2003 (cf. *A docencia na Universidade de Vigo. Análise sociolingüística. Resumo de datos*, 2003), consideramos tres tipos de actividades orais e escritas implicadas nas actividades docentes:

- a) a impartición oral das clases.
- b) o uso das linguas para realizar actividades escritas.
- c) o uso das linguas para redactar material escrito (guións, apuntamentos, etc.).

Os resultados xerais máis relevantes obtidos neste estudo foron os seguintes:

- Na impartición oral das aulas, o galego é utilizado completa ou maioritariamente polo 26,7% do profesorado, e o castelán é empregado completa ou maioritariamente polo 64,4%. Ante a

pregunta de se se utilizaba outra lingua, un 4,3% do profesorado contestou que si a utilizaban.

- No uso das linguas para escribir nas aulas, o 24,7% utiliza o galego completa ou maioritariamente; o castelán emprégana o 66,1%. E outras linguas o 4,5%.
- No uso das linguas para redactar os materiais docentes para as aulas, a utilización do galego faise por parte do 29,2% dos docentes; no caso do castelán, utilízana o 58,3%; mentres que outra lingua utilízana para estes contidos o 4% do profesorado.

En consecuencia, temos aproximadamente unha cuarta parte do PDI que utiliza sempre ou maioritariamente o galego na docencia, sendo a redacción de materiais docentes para as aulas o tipo de actividade docente en que máis se utiliza o galego.

Se consideramos as diferencias por campus e por ámbitos de coñecemento, podemos salienta os seguintes resultados:

No campus de Ourense e de Pontevedra a utilización do galego para a docencia é sensiblemente maior ca no campus de Vigo.

Por ámbitos de coñecemento, a maior presenza do galego sitúase nas transmisións docentes do ámbito xurídico-social, humanístico, científico-técnico, tecnolóxico e de ciencias da saúde, seguindo unha orde decrecente.

Resulta curioso comprobar que esa porcentaxe é inferior á de profesores/as que se declaran falantes habituais de galego. E tamén é inferior á porcentaxe de profesores/as que declaran ter coñecemento abondo para escribir e falar en galego. É dicir, contamos con profesorado preparado para dar as aulas en galego, que mantén unha opinión xeneralizada favorable á lingua, pero que non imparte a docencia en galego.

#### **1.2.6.4. INVESTIGACIÓN**

A investigación no ámbito universitario ten, ao igual cá docencia, diversas partes que a configuran. Hai diversas actividades investigadoras que se realizan na Universidade de Vigo nas cales a presenza da lingua galega é sorprendentemente baixa. Se nos centramos na elaboración de traballos de fin de carreira, nos traballos tutelados de terceiro ciclo, nas teses de licenciatura e nas teses de doutoramento, conséntase que nos movemos en porcentaxes moi escasas.

A Universidade de Vigo promove a realización de traballos de investigación en galego. Hai aberta desde o ano 1994 unha liña de actuación anual que consiste na subvención pola realización de tesinas e teses de doutoramento en galego. Posteriormente

incorporáronse os proxectos e traballos de fin de carreira e, máis recentemente, os traballos tutelados de terceiro ciclo.

Aínda que o número de solicitudes non deixou de medrar en todos estes anos, resulta significativo o escaso número de teses de doutoramento que se presentan en lingua galega. En cambio, o número de proxectos de fin de carreira e, en menor medida de tese de licenciatura, é considerablemente maior.

### **1.3. O CASTELÁN NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Presentamos a continuación unha reflexión sobre a situación da lingua castelá na Universidade de Vigo. Utilizamos para a súa elaboración as mesmas fontes de información e de datos que foron de utilidade e de interese para a elaboración do apartado anterior:

- *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesorado, PAS e estudantes* (Universidade, 1997).
- Estudio sobre lingua e docencia na Universidade de Vigo (2003).

Ao igual ca na sección anterior, tamén incluimos neste diagnóstico observacións sobre a realidade lingüística da Universidade de Vigo como coñecedores das dinámicas lingüísticas da institución e como participantes nelas.

#### **a) A lingua castelá por sectores**

No caso do PROFESORADO, case o 70% ten o castelán como lingua inicial. Esa porcentaxe varía entre o 58,7% do profesorado pertencente ao campus de Pontevedra, o 71,1% do situado no campus de Vigo, e o 71,7% do campus de Ourense.

Respecto da lingua habitual, e seguindo co profesorado, o 65,5% utiliza o castelán como variedade habitual. Segundo o campus, utilizan habitualmente o castelán o 50% dos docentes do campus de Pontevedra, o 66,8% dos do campus de de Vigo e o 68,5 do de ourense. Tendo en conta a área de coñecemento, a porcentaxe de uso do castelán varía desde o 47,1% dos docentes de humanidades, o 58,5% dos do ámbito xurídico-social, o 67% dos do sector tecnolóxico, e o 74,4% do sector científico.

Se nos centramos agora no caso do PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS, o 63,7% ten o castelán como lingua inicial. A diferenza é moi escasa entre o PAS laboral (61,4%) e o PAS funcionario (66,1%). E respecto da lingua habitual, o 51,7% do PAS manifesta que utilizan habitualmente o castelán.

No caso agora do ALUMNADO, o 59,8% sinala que o castelán é a lingua en que aprenderon a falar. Esa porcentaxe decrece entre os estudantes do campus de Ourense (44,9%) e aumenta no alumando do campus de Pontevedra (61,8%) e de Vigo (62,7%).

Respecto da lingua habitual, o castelán é a variedade utilizada polo 65,3% dos estudantes. Tamén atopamos diferencias importantes segundo o campus: así, téñena como variedade habitual o 49,3% dos estudantes do campus de Ourense, o 66,1% dos do campus de Pontevedra, e o 68,7% dos do campus de Vigo.

### **b) A lingua castelá por actividades**

Se examinamos a situación da DOCENCIA (cf. ANL, 2003b), o 64,6% do profesorado utiliza o castelán sempre ou maioritariamente nos usos orais, o 66,1% utilízao para os usos escritos, e o 58,3% recorre ao castelán sempre ou maioritariamente para a elaboración de materiais docentes.

A chegada á Universidade de Vigo de estudantes estranxeiros en programas de mobilidade activou a realización de actividades formativas para ese colectivo en lingua castelá.

## **1.4. OUTRAS LINGUAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O plurilingüismo na Unión Europea é hoxe unha realidade que nos permite observar cómo os contactos e os intercambios entre comunidades lingüísticas son cada vez máis frecuentes por motivos laborais, profesionais e académicos. Este nivel de contacto e de mobilidade leva aparellada a necesidade de acadar, en distintos graos, competencias comunicativas nas diferentes linguas.

Non é preciso insistir na idea de que as universidades e os seus membros –tanto o estudantado coma o persoal de administración e servizos e mais o profesorado– son axentes e receptores desa mobilidade e das demandas de competencias activas e pasivas en distintas linguas. A xeneralización crecente de programas de intercambio, a chegada ás universidades galegas de membros doutras comunidades lingüísticas ou o desenvolvemento de redes de cooperación e de investigación a escala europea e mundial fai do coñecemento e uso doutras linguas, diferentes do galego e do castelán, unha realidade totalmente imposible de obviar.

Pero hoxe en día os retos do plurilingüismo son aínda maiores. Algunhas das novas situacións ás que asistimos a nivel europeo e que inciden fondamente nesta cuestión son as seguintes:

- A creación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
- As directrices e recomendacións da Comisión de Política Lingüística do Consello de Europa, recollidas en dous documentos principais:
  - *O Marco Común Europeo de Referencia para a Aprendizaxe, Ensinanza e Avaliación das Linguas.*
  - *O Portfolio Europeo das Linguas* (especialmente no que atinxe ao *Pasaporte Europeo das Linguas*).

A situación de coñecemento e uso de terceiras linguas na Universidade de Vigo bate coa escasa información que podemos obter. Temos, en cambio, algunhas observacións que poden ser pertinentes para formular neste documento de traballo.

- Aumentou de forma considerable a chegada de alumnado e, en menor medida, profesorado, foráneo á Universidade de Vigo como consecuencia da activación de programas de intercambio europeos e non europeos.
- Tamén aumentou de forma importante o número de estudantes da Universidade de Vigo que pasan parte ou todo o curso académico en universidades estranxeiras.
- A impartición de materias noutras linguas distintas de galego e castelán circunscríbese a materias con perfil lingüístico concreto.
- A utilización doutras linguas, ademais de galego e castelán, segue sendo imprescindible en todas as áreas de coñecemento desde o punto de vista da produción científica: publicacións, proxectos, etc.
- A formación nas outras linguas segue sendo unha demanda que está presente en todos os sectores da universidade.
- En diferentes partes da universidade fóronse desenvolvendo actividades que favoreceron o plurilingüismo. Por exemplo, a creación de ferramentas plurilingües (o lector web de correo electrónico 'correoweb' ofréces en tres idiomas; o programa 'soporte de linguas' para a páxina web principal da universidade – [www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)–), ou a presenza de varias linguas na confección das páxinas web dalgunhas partes das webs da universidade.

En calquera caso, a utilización de terceiras linguas segue sendo moi escasa na presentación de información. Casos como o sitio web da Área de Posgrao Virtual é, nese sentido, totalmente excepcional ata o momento.





Para contextualizar cuantitativamente parte do que acabamos de indicar, presentamos os datos dos Estados de orixe e de destino do alumnado en programas de intercambio no período 200-2003, datos que foron recollidos pola Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo e que reproducimos nas seguintes páxinas: a) países de destino; b) países de orixe (véxanse as páxinas seguintes).

<b>Países de Destino</b>			
	2000-2001	2001-2002	2002-2003
Alemaña	37	49	32
Austria	5	3	5
Bélxica	10	10	15
Dinamarca	13	9	11
Eslovaquia	1	2	1
Eslovenia	0	-	1
Finlandia	5	11	14
Francia	27	31	35
Hungría	2	--	--
Irlanda	9	7	10
Italia	28	21	32
Noruega	2	2	-
Países Baixos	5	8	9
Polonia	5	3	12
Portugal	14	17	28
Reino Unido	44	37	34
República Checa	1	5	6
Romanía	3	2	6
Suecia	3	4	2

<b>Países de Orixe</b>			
	2000- 2001	2001- 2002	2002- 2003
Alemaña	30	33	61
Austria	2	3	4
Bélxica	5	3	5
Dinamarca	1	2	2
Eslovaquia	2	1	4
Eslovenia	0	2	2
Finlandia	7	4	11
Francia	42	23	35
Hungría	0	1	0
Irlanda	4	4	3
Italia	39	27	30
Países Baixos	1	0	1
Polonia	3	8	31
Portugal	10	16	20
Reino Unido	23	11	8
República Checa	3	7	7
Romanía	6	4	7
Suecia	1	2	2

## Países de destino 2000-2003





Presentamos no cadro seguinte un resumo de puntos fortes e febles que recollen algunhas das ideas principais que manexamos neste apartado.

<b><i>Puntos fortes</i></b>	<b><i>Puntos febles</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os membros da comunidade universitaria teñen un certo coñecemento doutras linguas diferentes do galego e do castelán: grazas á mellora do ensino de idiomas na educación primaria e secundaria, e grazas ao espallamento de medios de comunicación plurilingües (TV por satélite, por cabo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O coñecemento doutras linguas está moi centrado no inglés, e en moita menor medida no francés.</li> <li>▪ As capacidades comunicativas son moi limitadas tanto no inglés coma no francés para a maioría dos membros da comunidade universitaria.</li> <li>▪ O coñecemento activo doutras linguas melloraría coa existencia de actividades formativas para a comunidade universitaria.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Situámonos nunha área xeográfica onde existen linguas xeneticamente relacionadas de moi doada aprendizaxe: portugués, francés, italiano, catalán, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A docencia noutras linguas distintas do galego e do castelán queda reservada para as materias de perfil lingüístico.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O coñecemento e uso da lingua portuguesa constitúe un obxectivo lingüístico de doada consecución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A universidade non planificou ata o de agora unha política de promoción do plurilingüismo nas súas actividades.</li> <li>▪ Non se planificou a organización de plans de formación lingüística.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cada vez son máis os PDI que, por mor das actividades investifaoras, publican noutras linguas, principalmente en inglés.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non se estableceu un servizo de tradución e de asesoramento lingüístico en linguas de difusión internacional.</li> </ul>

# **PLAN DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA**

## **2.OBXECTIVOS, PROGRAMAS E MEDIDAS**

## **2. OBXECTIVOS, PROGRAMAS E MEDIDAS**

### **2.1. INTRODUCCIÓN**

A redacción desta parte, que contén os obxectivos, programas e medidas do Plan de Política Lingüística da Universidade de Vigo, ten como pano de fondo o diagnóstico da situación sociolingüística que a Comisión elaborou e expuxo publicamente durante os meses de maio e xuño de 2004.

Do diagnóstico da situación tiramos un conxunto de ideas principais que constitúen os elementos motrices do Plan, e que pasamos a concretar e comentar a continuación:

- A situación da lingua galega necesita ser reforzada en todos os ámbitos da actividade universitaria.
- A lingua castelá presenta unha situación forte na Universidade de Vigo.
- A mobilidade universitaria constitúe unha realidade e un reto. A chegada continua e crecente de alumnado e, en menor medida, profesorado en programas de intercambio debe enfocarse coma un reto. Cómpre facilitar un maior nivel de integración, facilitando o coñecemento das linguas oficiais de Galicia e favorecendo a comprensión da nosa historia, das principais manifestacións culturais e artísticas, e da nosa situación sociolingüística.
- O plurilingüismo debe constituír un dos obxectivos da formación universitaria. Entendemos o plurilingüismo como unha parte nuclear da realidade europea en que nos inserimos. Ademais, aspiramos a que o recoñecemento de necesidade de aprender e usar varias linguas sexa precisamente un elemento de calidade da nosa Universidade e da súa inserción no Espazo Europeo de Educación Superior.

## **2.2. OBXECTIVOS XERAIS**

- ✓ Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, expresión e traballo da comunidade universitaria.
- ✓ Pular polo aumento da presenza da lingua galega nas actividades docentes e investigadoras.
- ✓ Impulsar o plurilingüismo na comunidade universitaria.
- ✓ Favorecer que o alumnado teña o nivel máximo de competencias nas habilidades lingüísticas instrumentais no ámbito académico.

## **2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS**

Propoñemos que os obxectivos específicos e as medidas que se conteñen neste Plan estean estruturados en seis programas. Trátase de programas transversais, no sentido de que van aplicarse nos diferentes sectores da Universidade:

### **1) Sensibilización e dinamización**

Consideramos que a información e a sensibilización da comunidade universitaria sobre a lingua galega e sobre a súa promoción, no marco de diversidade lingüística española e europea, debe supoñer un obxectivo básico do Plan. Ademais, a promoción da lingua na vida diaria da Universidade debe ser un obxectivo compartido por todos os membros da Universidade, e non só polos servizos directamente implicados na xestión lingüística.

### **2) Formación**

A adquisición de coñecementos lingüísticos en galego e socio-culturais de Galicia por parte da comunidade universitaria debe ser unha oferta periódica que a Universidade ofrece aos seus membros. Tamén nos centraremos nos coñecementos especializados (terminoloxía, linguaxes de especialidade, etc.). Ademais, consideramos que a formación virtual e os mecanismos da autoaprendizaxe deben estar plenamente presentes no plan.

### **3) Normalización**

Impulso da presenza da lingua galega nos ámbitos de actuación onde detectamos un maior déficit na actualidade.



#### **4) Proxección universitaria**

Programa destinado, en primeiro lugar, a vincular a sociedade galega coa Universidade de Vigo no obxectivo de promover a lingua e a cultura propias. E, en segundo lugar, trátase de colaborar con outros organismos de xestión lingüística e cultural cos cales se poden establecer vínculos sólidos na consecución de obxectivos lingüísticos compartidos.

#### **5) Acollida lingüística e cultural**

Cómpre facilitar un maior nivel de integración, facilitando o coñecemento das linguas oficiais de Galicia e favorecendo a comprensión da nosa historia, das principais manifestacións culturais e artísticas, e da nosa situación sociolingüística.

#### **6) Impulso do plurilingüismo**

Froito do intercambio e da mobilidade, do novo Espazo Europeo da Educación Superior, e das oportunidades laborais en distintos estados europeos, atopámonos nun contexto que pasa ineludiblemente por reforzar o papel da Universidade no coñecemento e uso doutras linguas diferentes do galego e do castelán.

Tendo en conta os obxectivos xerais e os programas específicos que acabamos de sinalar, presentamos a continuación unha descrición detallada do contido de cada programa, nos que sinalamos os obxectivos xerais de cada programa, os obxectivos específicos e as accións tendentes a conseguir cada obxectivo específico.

En todo caso, para o éxito dos diferentes programas, faise preciso dispoñer de:

- un **centro de linguas**, que teña infraestrutura nos tres campus da Universidade, e que enfoque as súas actividades cara á aprendizaxe das linguas e cara ás actividades de autoaprendizaxe.
- unha **comisión de política lingüística**, delegada do Consello de goberno, que vele pola posta en práctica do contido deste plan e polo seguimento do seu cumprimento.

## 2.4. PROGRAMAS

### 1. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E DINAMIZACIÓN

#### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

- Aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria ante o uso da lingua galega.
- Fomentar as actitudes positivas ante o uso do galego en todos os ámbitos e sectores da Universidade.
- Estimular a participación de toda a comunidade universitaria no aumento do uso do galego.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

- ✓ **Potenciar as actitudes positivas respecto do galego e mais do seu uso mediante campañas xerais e específicas.**

##### ACCIÓNS:

1. Desenvolver campañas de sensibilización entre o alumnado (que teña, entre outros tópicos, o de pedir o uso do galego na Universidade).
2. Realizar unha campaña de sensibilización entre o profesorado.
3. Levar a cabo unha campaña de sensibilización entre o PAS.
4. Difundir a realidade lingüística de Galicia entre os membros da comunidade universitaria non galega, utilizando materiais informativos diversos.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

- ✓ **Divulgar a información sobre dereitos lingüísticos e sobre lexislación e campañas para a promoción da diversidade lingüística.**

##### ACCIÓNS:

1. Conmemorar cada ano o *Día dos Dereitos Lingüísticos* (día 21 de febreiro) instituído pola UNESCO.
2. Conmemorar cada ano o *Día das Linguas* (no mes de setembro), a instancias do Consello de Europa.
3. Difundir axeitadamente o contido deste *Plan de Política Lingüística* na comunidade universitaria.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

- ✓ **Recoller periodicamente datos e información relevante para coñecer a realidade sociolingüística da Universidade e difundilos entre a comunidade universitaria.**

ACCIÓNS:

1. Obter datos actualizados e periódicos sobre coñecemento lingüístico, usos lingüísticos, e actitudes e opinións lingüísticas.
2. Recoller información regular sobre o uso da lingua galega nas distintas actividades universitarias (docencia, investigación, etc.) e difundilos publicamente.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

- ✓ **Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para difundir a información e para dinamizar a lingua galega.**

ACCIÓNS:

1. Seguir desenvolvendo a páxina web da Área de Normalización Lingüística como espazo de información e documentación.
2. Seguir desenvolvendo aplicacións e actividades que utilicen as novas tecnoloxías, principalmente na formación e autoformación, no asesoramento e na dinamización da lingua.
3. Proporcionarlle á comunidade universitaria produtos informáticos en galego, e colaborar no desenvolvemento deste tipo de ferramentas e aplicacións.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5

- ✓ **Establecer unha rede de dinamización lingüística na Universidade que amplíe significativamente o abano de axentes dinamizadores e de actividades normalizadoras.**

ACCIÓNS:

1. Crear unha rede de comisións de dinamización e normalización nos centros.
2. Incentivar a participación dos estudantes nas comisións de centro.
3. Estimular a realización de páxinas web específicas para cada comisión de centro.
4. Desenvolver o voluntariado lingüístico na comunidade universitaria.
5. Implicar aos axentes sindicais do PAS e do PDI nas actividades de dinamización mediante accións periódicas e planificadas.

6. Implicar á organización estudiantís na dinamización lingüística mediante un programa de actividades anuais e plurianuais.
7. Establecer reunións de traballo nos centros, de acordo coas comisións de dinamización, para debater cómo conseguir un maior nivel de implicación da comunidade universitaria nos obxectivos da normalización lingüística.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 6

- ✓ **Crear unha comisión de política lingüística estable, delegada do Consello de goberno.**

##### ACCÍONS:

1. Facer un seguimento periódico da posta en marcha do Plan.
2. Avaliar o cumprimento do Plan e, de ser o caso, propoñerlle aos organismos implicados recomendacións de mellora.

## 2. PROGRAMA DE FORMACIÓN

#### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

- Garantir a plena competencia en lingua galega para o persoal da Universidade.
- Facilitar o coñecemento da lingua galega a toda a comunidade universitaria mediante a programación de actividades formativas diversas.
- Favorecer a formación continuada e a reciclaxe nos coñecementos lingüísticos e culturais en galego.
- Ofrecerlle ao profesorado os medios de formación e de autoformación para que se poida garantir unha docencia de calidade en galego.
- Ofrecerlle ao PAS os medios de formación para desenvolver en galego toda a xestión universitaria.
- Ofrecerlle ao estudiantado unha profundización na formación en galego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

- ✓ **Ofrecer unha formación de calidade en galego para os estudantes, o persoal de administración e servizos e o profesorado.**

ACCIÓNS:

1. Organizar anualmente actividades formativas de utilidade para completar a súa formación lingüística.
2. Convocar cursos específicos que faciliten a adquisición dos rexistros específicos e das linguaxes de especialidade en galego.
3. Incentivar a asistencia ás actividades formativas promovendo que tales actividades computen a efectos de créditos de libre elección.
4. No caso do profesorado, organizar cursos específicos de lingua oral e conversa, e cursos de linguaxe de especialidade.
5. No caso do persoal de administración e servizos, organizar cursos de atención ao usuario.
6. Dispoñer dos contidos e das actividades organizadas polo Centro de Linguas da Universidade.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

- ✓ **Facilitar as actividades de aprendizaxe da lingua galega promovendo materiais e recursos.**

ACCIÓNS:

1. Elaborar e difundir materiais para afondar na consolidación da competencia lingüística dos usuarios/as.
2. Crear materiais e programas para a utilización activa de centros de autoaprendizaxe.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

- ✓ **Favorecer a autoaprendizaxe lingüística para todos os membros da comunidade universitaria.**

ACCIÓNS:

1. Aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para favorecer a formación lingüística.
2. Crear unha rede de aulas ou espazos de autoaprendizaxe lingüística, polo menos unha aula/espazo en cada campus.
3. Fomentar a realización de actividades formativas en liña, utilizando as ferramentas electrónicas e internet.

### 3. PROGRAMA DE NORMALIZACIÓN

#### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

- Garantir o uso normal da lingua galega como lingua propia da Universidade.
- Introducir o uso do galego en todos os ámbitos e sectores da Universidade: no ámbito docente, investigador e de administración, servizos e xestión.
- Establecer criterios de galeguización na docencia, na investigación e na actividade administrativa e de xestión.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

- ✓ **Garantir o uso da lingua propia en todas as actividades e comunicacións internas e externas institucionalizadas.**

##### ACCIÓNS:

1. Difundir unha sinalética harmonizada en lingua galega nos tres campus e no interior das dependencias universitarias.
2. Aprobar e difundir un nomenclátor de centros e de edificios da Universidade en lingua galega, no que se respecten as normas de estilo.
3. Dispoñer dunha versión en lingua galega, que será a versión principal e por defecto, de todos os sitios e páxinas web institucionais (administración, servizos, centros, departamentos, etc.).
4. Establecer que o uso oral institucional sexa en galego na relación cos usuarios/as.
5. Establecer cláusulas para a utilización do galego nas actividades dos organismos xestionados pola universidade: Cidade Universitaria S.A., Fundación da Universidade de Vigo, etc.
6. Establecer cláusulas lingüísticas nas concesións de servizos.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

- ✓ **Incrementar o uso do galego nas actividades docentes.**

##### ACCIÓNS:

1. Coñecer ao final de cada curso a lingua en que se impartiu a docencia nas diferentes titulacións e centros.

2. Incluír nos programas oficiais das materias información sobre a lingua ou linguas en que se vai desenvolver a dita materia.
3. Establecer que os programas oficiais das materias teñan unha versión en galego dispoñible para o alumnado.
4. Facilitar a impartición en galego das materias de nova creación incluídas na oferta anual de libre elección.
5. Facilitar a impartición en galego dos novos grupos de materias xa existentes que se desdobren por calquera motivo (número de matriculados/as, etc.).
6. Establecer mecanismos para incentivar as áreas de coñecemento que acorden impartir materias en galego.
7. Estudar a introdución na normativa de selección do profesorado interino e contratado dunha valoración do coñecemento de linguas, e incluír especificamente unha valoración do coñecemento do galego.
8. Priorizar a edición de material docente universitario en galego, establecendo un plan de elaboración por áreas de coñecemento.
9. Facilitar que no ano 2010 o 50% das materias se oferten en galego.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

✓ **Incrementar a utilización do galego nas tarefas investigadoras.**

ACCIÓNS:

1. Fomentar a publicación de obras divulgativas en galego.
2. Incentivar, sempre que proceda, o uso do galego en todo tipo de actividades de carácter científico: congresos, simposios, encontros, seminarios, etc., garantindo que o galego sexa unha das linguas activas do acontecemento.
3. Continuar coas actividades de promoción dos traballos de fin de carreira e de terceiro ciclo en galego, aumentando a dotación das axudas.
4. Continuar coa promoción da realización de teses de licenciatura e de doutoramento en galego, aumentando a dotación económica.
5. Crear unha colección de teses de doutoramento en galego.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

✓ **Potenciar o uso da lingua propia na xestión e nos servizos.**

ACCIÓNS:

1. Dispoñer que calquera escrito, internos ou externo, xerados polos servizos e unidades da Universidade se redactará en

galego, agás aqueles destinados a persoas ou institucións de fóra de Galicia.

2. Fomentar que as actividades formativas dirixidas ao PAS se desenvolvan en galego, facilitando os medios e o asesoramento preciso.
3. Fomentar que os cursos e as actividades de formación organizados polos servizos da Universidade de cara a toda a comunidade universitaria se desenvolvan en galego, facilitando os medios e o asesoramento preciso.
4. Dispoñer de versións en galego dos sistemas operativos e dos programas que se utilicen na xestión e traballo da Universidade, caso do sistema de xestión de bibliotecas e do catálogo de materias.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO 5

#### ✓ **Mellorar a calidade lingüística dos usos escritos e orais da institución.**

##### ACCIÓNS:

1. Incluír a utilización da lingua galega (oral e escrita) nos criterios da avaliación de calidade.
2. Fomentar a corrección lingüística e de estilo de toda a documentación para usos internos e externos xerada pola Universidade de Vigo.
3. Establecer un plan para a corrección de todos os contidos dos sitios web institucionais da universidade.
4. Elaborar e difundir materiais de apoio lingüístico que faciliten o uso do galego no ámbito docente e investigador e no ámbito administrativo.

## **4. PROGRAMA DE PROXECCIÓN UNIVERSITARIA**

#### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

- Proxectar cara á sociedade as actuacións da Universidade en materia de promoción da lingua galega.
- Colaborar con outros organismos locais e supralocais na organización de actividades tendentes a fomentar a galeguización da sociedade.
- Dar apoio ás iniciativas que vinculen a Universidade co seu contorno.



OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

✓ **Contribuír a mellorar a sensibilidade da opinión pública ante o uso da lingua.**

ACCIÓNS:

1. Velar pola utilización habitual do galego nas iniciativas e actividades de extensión universitaria da Universidade.
2. Organizar actividades dirixidas a potenciar a presenza social do galego ante a opinión pública (conferencias, actividades culturais, seminarios, premios, etc.).
3. Fomentar o uso do galego con institucións públicas e privadas relacionadas coa Universidade.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

✓ **Afondar na coordinación e nas relacións coas outras universidades galegas.**

ACCIÓNS:

1. Impulsar a adopción de iniciativas de política lingüística conxuntas coa USC e coa UDC.
2. Establecer vínculos de colaboración con universidades de territorios con lingua propia no Estado español.
3. Potenciar a colaboración con centros universitarios da área lusófona.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

✓ **Incrementar a colaboración co ensino primario e secundario.**

ACCIÓNS:

1. Colaborar no desenvolvemento de campañas de información e de sensibilización cara aos centros de ensino infantil e primario coa Consellería de Educación.
2. Colaborar na realización de campañas de dinamización lingüística dirixidas ao estudantes de ensino secundario coa Consellería de Educación.
3. Desenvolver conxuntamente con centros non universitarios materiais e iniciativas de apoio á normalización lingüística.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

✓ **Promover a colaboración con entidades públicas ou privadas nos territorios en que a Universidade de Vigo está situada.**

ACCIÓNS:

1. Promover actuacións de normalización lingüística en colaboración con tales entidades.

2. Facilitar a utilización dos recursos e instalacións universitarias a aquelas organizacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a promoción do galego.

## 5. PROGRAMA DE ACOLLIDA LINGÜÍSTICA E CULTURAL

### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

- Aproveitar a presenza de estudantes e profesorado foráneo para difundir a lingua galega, implicándoos no proceso de normalización lingüística.
- Poñer os medios para que os estudantes foráneos teñan un coñecemento abondo dos trazos culturais, sociais e lingüísticos propios de Galicia.
- Garantir que os estudantes estranxeiros que así o desexen aprendan a lingua castelá e a lingua galega.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

- ✓ **Informar sobre a realidade lingüística e sociolingüística de Galicia.**

#### ACCÍONS:

1. Diseñar materiais específicos sobre historia de Galicia e sobre a lingua galega.
2. Difundir máis información sobre a realidade sociolingüística de Galicia a través da Oficina de Relacións Internacionais.
3. Enviar información sociolingüística actualizada a todos os estudantes que manifesten interese por viren á Universidade de Vigo en programas de intercambio.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

- ✓ **Incrementar e consolidar a oferta formativa en lingua e cultura galegas para os estranxeiros que cheguen á Universidade en programas de intercambio.**

#### ACCÍONS:

1. Programar anualmente cursos de introdución á lingua e á cultura galegas, así como cursos de nivel intermedio.
2. Organizar un programa de actividades de coñecemento das diferentes manifestacións da cultura galega.
3. Incentivar os estudantes de intercambio para que asistan aos cursos de galego.

4. Crear e editar materiais específicos para a aprendizaxe da lingua galega.
5. Planificar os medios e os recursos precisos para que os recién chegados poidan utilizar as aulas de autoaprendizaxe e o centro de linguas.
6. Planificar a organización de cursos de verán propios da Universidade de lingua e cultura galegas.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

- ✓ **Incrementar a oferta de cursos de lingua castelá para os estranxeiros que cheguen á Universidade en programas de intercambio.**

#### ACCIÓNNS:

1. Consolidar a oferta anual de cursos de español de diferentes niveis.
2. Ofrecer cursos de linguaxes de especialidade, de cultura, etc.
3. Organizar cursos de verán para estranxeiros, buscando se for preciso os patrocinios e os convenios axeitados.

## 6. PROGRAMA DE IMPULSO DO PLURILINGÜISMO

### OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA

- Aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria ante o coñecemento e o uso de terceiras linguas diferentes do galego e do castelán.
- Fomentar o coñecemento de linguas estranxeiras por parte de toda a comunidade universitaria.
- Favorecer a autoaprendizaxe de linguas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

- ✓ **Garantir a formación e mais o asesoramento en linguas estranxeiras de cara ás actividades docentes, investigadoras e administrativas.**

ACCIÓNS:

1. Crear un Centro de Linguas propio da Universidade, con presenza nos tres campus, que realice unha programación de actividades formativas para a comunidade universitaria.
2. Poñer en marcha un servizo de tradución e asesoramento en linguas estranxeiras para toda a comunidade universitaria.
3. Refrendar as acreditacións de coñecemento lingüístico do *Portfolio europeo das linguas*.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

- ✓ **Sensibilizar e informar á comunidade universitaria sobre a aprendizaxe, uso e situación das outras linguas europeas**

ACCIÓNS:

1. Dar a coñecer a diversidade lingüística e cultural europea.
2. Converter o Centro de Linguas nun espazo de información e documentación sobre os aspectos relevantes vinculados coa formación e aprendizaxe de linguas.
3. Desenvolver unha campaña informativa sobre os mecanismos para a mobilidade formativa e laboral en Europa.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

- ✓ **Facilitar e potenciar a formación lingüística noutras linguas do PAS, do PDI e do estudiantado.**

ACCIÓNS:

1. Analizar as necesidades de aprendizaxe de terceiras linguas entre o PDI.
2. Utilizar os medios do Centro de Linguas da Universidade, promovendo actividades formativas regulares.
3. Ofrecer cursos de lingua xeral e cursos de linguas orientados a impartir docencia nesas linguas.
4. Potenciar o papel das aulas de autoaprendizaxe de linguas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

- ✓ **Introducir a utilización de terceiras linguas nas actividades da Universidade**

ACCIÓNS:

1. Incentivar a impartición de materias de primeiro e segundo ciclo noutras linguas diferentes de galego e castelán.
2. Pular pola realización de cursos de doutoramento, másters e cursos de posgrao noutras linguas.